

DECRETO

Nº Expediente: 2019/CONTRAT/000109; 2020/CONTRAT/000006; 2020/CONTRAT/000011;
2020/CONTRAT/000013; 2020/CONTRAT/000014; 2020/CONTRAT/000015;
2020/CONTRAT/000016; 2020/CONTRAT/000006

ASUNTO: SUSPENSIÓN DE PRAZOS E MESAS DE CONTRATACIÓN COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

O pasado sábado, 14 de marzo de 2020, publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Este Real Decreto establece, ao amparo do disposto no artigo cuarto, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, a declaración do estado de alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19. A duración do estado de alarma que se declara polo presente real decreto é de quince días naturais, entrando en vigor o propio día da súa publicación.

Así, na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto citado establécese a suspensión de prazos administrativos nos seguintes termos:

“Disposición adicional tercera. Suspensión de prazos administrativos.

1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifieste a súa conformidade, ou cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

4. A presente disposición non afectará os procedementos e resolucións aos que fai referencia o apartado primeiro, cando estes veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma.”

O sector público abrangue, consonte ao artigo 2.1.c) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ás entidades locais, entre as que se atopa o Concello de Oleiros.

O Concello de Oleiros atópase na actualidade tramitando as seguintes licitacións, nas que o órgano de contratación resulta ser a Alcaldía do Concello de Oleiros:

EXPEDIENTES EN MESA DE CONTRATACIÓN		
Expediente	Obxecto	Estado
2019/CONTRAT/000109	Pavimentación da rúa Seixo Branco	Pendente de informe polos servizos técnicos
2020/CONTRAT/000006	Mantenimento y limpeza de playas, 2020-2022	Pendente de informe polos servizos técnicos
2020/CONTRAT/000011	Contrato mixto de arrendamento e limpeza da casa do pobo de Montrove	Pendente de informe polos servizos técnicos
2020/CONTRAT/000013	Expediente venta parcelas plurifamiliares protección oficial	Pendente de apertura de ofertas, prevista para o 17/3/2020
2020/CONTRAT/000014	Expediente de venta de parcelas plurifamiliares libres	Pendente de apertura de ofertas, prevista para o 17/3/2020





2020/CONTRAT/000016	Arrendamento das naves industriais do viveiro de empresas no polígono industrial de Iñás (apertura de novo prazo)	Pendente de informe dos criterios obxectivos polos servizos técnicos
EXPEDIENTES EN FASE DE LICITACIÓN		
Expediente	Obxecto	Estado
2020/CONTRAT/000015	Servizo de fotografía e vídeo para a cobertura dos eventos celebrados no Concello de Oleiros	O prazo para a presentación de ofertas finalizaba o 16 de marzo de 2020, estando prevista a Mesa de Contratación para o 20 de marzo.
2020/CONTRAT/000006	Servizos de transporte do "Programa ven e descubre 2020"	O prazo para a presentación de ofertas finalizaba o 23 de marzo de 2020, estando prevista a Mesa de Contratación para o 24 de marzo.

Dada a situación exposta, e vista a imposibilidade de continuar coas tramitacións e xestións ordinarias dada a situación na que se atopa a sociedade e a Administración unha vez decretado o estado de alarma en todo o territorio nacional, e en vista das facultades conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- interromper os prazos relativos aos procedementos de contratación abertos na actualidade no Concello de Oleiros, consonte ao establecido no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

SEGUNDO.- suspender as mesas de contratación previstas para o período no que se atope en vixencia o estado de alarma establecido no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

TERCEIRO.- a duración das medidas acordadas nos puntos PRIMEIRO e SEGUNDO estenderase mentres dure a vixencia do estado de alarma e as súas respectivas prórrogas. Unha vez levantado o estado de alarma, procederase a ditar e publicar un novo decreto no que se indicará a data de finalización dos prazos que se atopaban abertos con carácter previo ao establecemento do estado de alarma e as novas datas para a celebración das mesas de contratación.

CUARTO.- dar publicidade na Plataforma de Contratos do Sector Público ao presente decreto, e dar traslado aos departamentos municipais, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

